

Esta semana como xa vos dixen, traballaremos sobre o escritor homenaxeado no día das Letras Galegas. Deberedes entregar todos os traballos da semana o día 22, antes non, así recollo todo xunto. Moitas gracias.

DÍA DAS

LETRAS GALEGAS




2020



**Facer un letreiro, con estas letras, que sexan dobres e coloreádeas por dentro.**



O DÍA DAS LETRAS CELÉBRASE O 17 DE MAIO. ESE DÍA, HAI AGORA 158 ANOS, **ROSALÍA DE CASTRO** PUBLICOU O LIBRO DE POEMAS **CANTARES GALLEGOS**. E CADA ANO, NESE DÍA, HOMENAXEAMOS A UN ESCRITOR OU ESCRITORA EN LINGUA GALEGA. ESTE ANO O AUTOR HOMENAXEADO É **RICARDO CARVALHO CALERO**.



LE O TEXTO E COMPLETA NA SEGUINTE PÁXINA. (Non imprimir soamente ler).

## Completa.

O  DE  CELEBRAMOS O  DAS  GALEGAS.

ESE DÍA A ESCRITORA  DE  PUBLICOU

O LIBRO  .

CADA ANO SE HOMENAXEA A UN . ESTE ANO SE

ADICA AO ESCRITOR   .





Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña), o 30 de outubro de 1910. Era fillo de Gabriel Ricardo e M.<sup>a</sup> Dolores e o maior dos seis irmáns.

Fixo o bacharelato nun colexio de Ferrol. Aos dezaseis anos marchou á universidade de Santiago a estudar dereito e filosofía e letras. Foi o primeiro catedrático de lingua e literatura galega.

Polo seu labor en defensa do noso idioma e a nosa cultura foi nomeado membro da Real Academia Galega.

Traballou como profesor e director do colexio Fingoi, en Lugo. Nesta época publicou “Contos Populares da provincia de Lugo” e “Vieiros”, o seu primeiro libro de poemas en galego. Escribiu moitos libros de poesía, novela, teatro, gramática... e un para nenos: As pitas baixo a choiva.

**Rodea as palabras que comezan cunha letra maiúscula. Decorar o marco.**

Para os que non o impriman deberán soamente escribir ditas palabras, en vez de rodealas.

## Poema de Ricardo Carballo Calero “ Vieitos ” fragmento.

Cruzando a ría  
pola ponte das Pías,  
se os obreiros de Astano  
non cortaron o tráfico,  
entrarei en Ferrol, a miña terra.

Se o cortaron, daquela,  
hei tomar o camiño antigo,  
e pasar por Narón,  
pé do mosteiro de San Martiño,  
polos eidos de Esquíó.

Dun xeito ou outro,  
hei de entrar no meu povo,  
para ver se tropezo  
nunha rúa calquera do Ferrol Vello.

Será a de San Francisco, a do Socorro,  
co neno que fun e que foi outro,  
aquele que fun e que non fun entón,  
cando eu non era, o vello que hoxe  
son.

Cinco duros pagábamos de aluguer.  
Era un terceiro andar, ben folgado.  
Pola parte de atrás daba ao campiño,  
e por diante á rúa de San Francisco.

**Nomea algúns elementos **naturais** ou **humanizados** que atopas no poema.**

**Debuxa un elemento de cada columna.**

NATURAIS	HUMANIZADOS